



**DESTINO: D.ª MONTSERRAT LAMA NÓVOA – DEPUTADA PROVINCIAL DE TRANSPARENCIA
E GOBERNO ABERTO**

**ASUNTO: FORMACIÓN EN IGUALDADE SECCIÓN DE FORMACIÓN, CALIDADE E AVALIACIÓN
DO DESEMPEÑO**

A Sección de Formación, Calidade e Avaliación, con data 13 de xuño do 2018, presentou ante a EGAP o seu novo Programa Provincial de Formación Continua dirixido ao persoal da Administración local da provincia; concorrendo así, un ano máis, ás subvencións convocadas pola Escola Galega de Administración Pública para o financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia. As bases reguladoras da devandita subvención foron convocadas pola resolución do 30 de abril de 2018 da EGAP (DOG Nº 91, do 14 de maio do 2018) no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas.

O novo Programa de formación continua de carácter agrupado, estruturado en nove áreas de actuación, incorpora dos cursos específicos relacionados coa igualdade entre mulleres e homes:

- ✓ **Curso da normativa básica de igualdade e atención á diversidade**, dentro da área de formación de específica e que será impartido na modalidade on line cunha duración de 40 horas lectivas.
- ✓ **Curso de linguaxe administrativa non discriminatoria**, pertencente á área de información e comunicación e que será impartido na modalidade presencial cunha duración de 40 horas lectivas.

Ademais dos cursos específicos, este ano incorpórase, en cinco curso de diferentes ámbitos, un **módulo transversal** común de **formación para a igualdade** dividido en tres aspectos: a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres; o emprego e outros ámbitos para a igualdade de oportunidades e a desigualdade e a violencia de xénero.

Estas accións formativas, dirixidas principalmente ao persoal pertencente ao Parque Móbil e de Maquinaria e a traballadoras e traballadores das brigadas de zonas verdes, son as que seguen:



- ✓ **Curso de delegados/as de prevención de riscos laborais**, dentro da área de prevención de riscos laborais e que será impartido na modalidade semipresencial cunha duración de 53 horas lectivas.
- ✓ **Curso de operador/a de tractor de con máquina rozadora-trituradora de brazo de arrastre**, pertencente á área de formación específica e que será impartido na modalidade presencial cunha duración de 23 horas lectivas.
- ✓ **Curso de operador/a de guindastre autocargante e de plataforma elevadora móbil de persoas**, da área de formación específica e que será impartido na modalidade presencial cunha duración de 33 horas lectivas.
- ✓ **Curso de actualización en electromecánica na reparación de vehículos de maquinaria de última xeración**, pertencente á área de formación específica e que será impartido na modalidade presencial cunha duración de 33 horas lectivas.
- ✓ **Curso práctico de poda de árbore, arbustos e palmeiras**, incluído área de formación específica e que será impartido na modalidade presencial cunha duración de 33 horas lectivas.

Ourense, 6 de xullo de 2018.